



## **BASES CONCURSO CARTEL BACO FESTA 2017**

- 1.- O concurso axustarase a temas relacionados coa Baco Festa 2017 (carteis inspirados no pasado romano da Rúa), podendo tomar parte todas aquelas persoas que o desexen, aportando unha soa obra por autor/a, baixo a condición que sexan traballos orixinais.
- 2.- O concurso terá unha única categoría, podendo participar persoas de todas as idades
- 3.- O prazo para a presentación de orixinais conclúe o 19 de Maio de 2017.
- 4.- As/os concursantes remitirán ao Concello de A Rúa e poderán facelo por correo ou entrega en man, indicando no exterior "**Concurso Cartel Baco Festa 2017**".
- 5.- O Concello non se responsabiliza de posibles danos, perdas, nin da devolución das obras unha vez concluído o concurso.
- 6.- Os Carteis presentaranse sen sinatura firma do autor ou autora, senón baixo un pseudónimo que libremente escollan as/os súas/seus autoras/es e que deberá constar por escrito no dorso da obra. Acompañará o cartaz un sobre pechado no que reflexe na súa parte exterior o lema de referencia, e conteña, escrito a ordenador, máquina ou letra lexíbel, os datos persoais do/a autor/a (nome e apelidos, domicilio, poboación, teléfono, e-mail, etc.) e fotocopia do DNI.
- 7.- As obras deberán ter obrigatoriamente un tamaño de Din A3 e o seguinte texto (o Concello engadirá o seu escudo oficial): BACO FESTA 2017 A RÚA
- 8.- O Xurado estará composto polo concelleiro de Cultura e catro vogais que serán as/os encargadas/os de seleccionar as/os gañadoras/es en cada categoría. Ao rematar dita elección, manterase o anonimato da autoría de cada obra.
- 9.- AS/os membros do Xurado non poderán tomar parte no concurso.
- 10.- O concurso poderase declarar deserto por acordo do Xurado.
- 11.- A Resolución do Xurado será inapelábel.
- 12.- O premio será de 150 euros.
- 13.- Dos carteis presentados ao concurso, o Concello de A Rúa poderá efectuar en todo momento cantas reproducións precise para o seu libre uso, sen que as/os súas/seus autoras/es poidan efectuar reclamación algunha.



**Concello A Rúa de Valdeorras**  
Praza José Antonio Míguez Freire nº 1  
32350 - A RÚA (Ourense)  
P-3207300-I

Teléfono 988 310 116  
Fax 988 311 321

14.- Rematado o concurso, as/os concursantes disporán dun mes para retirar os seus carteis, menos os premiados, se os houberse, que pasarán a ser propiedade municipal, igual que os carteis que non sexan retirados (entendéndose que os seus autores renuncian a eles, perdendo todo dereito a reclamación ou indemnización). Os gastos de envío e devolución dos carteis serán por conta das/os concursantes.

15.- O Concello resérvase o dereito de organizar unha exposición pública con todos ou parte dos carteis concursantes, no local, datas e horario que oportunamente se determine. Neste suposto, a devolución dos carteis efectuarase no prazo de un mes, a contar dende a clausura de dita exposición.

16.- O Concello non se fai responsábel dos danos que poidan sufrir as obras presentadas durante o tempo que estean no seu poder ou no período de transporte das mesmas.

